



Boletín Informativo

Consellería de Educación e
Ordenación Universitaria

Edif. Adm. San Caetano s/n
15781
Santiago de Compostela

Correo: xsoie@edu.xunta.es

BORRADOR DO DECRETO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pon a disposición de toda a comunidade educativa o BORRADOR do decreto polo que se establece o currículo da educación secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Pode

acceder directamente ao documento aquí, ou ben dende o Portal Educativo.

[Acceso ao documento](#)



ESTADÍAS FORMATIVAS EN EMPRESAS OU INSTITUCIÓNS

No DOG nº 78 do luns 23 de abril sae publicada a orde do 12 de abril de 2007 pola que se convocan estadías formativas en empresas ou institucións para o curso 2006-2007 destinadas ao funcionariado docente non universita-

rio e pola que se aproban as súas bases de concesión.

Máis información en www.edu.xunta.es/fp




SEMINARIO DE REFLEXIÓN SOBRE ALUMNADO XITANO

A Fundación Secretariado Xitano, organiza o Seminario de reflexión sobre alumnado xitano, educación secundaria e acceso á formación profesional e ao emprego en Galicia que se celebrará o próximo día 3 de maio, en Pontevedra, na facultade de Ciencias So-

ciais. O obxectivo deste seminario é analizar a situación educativa da poboación nova xitana e as súas posibilidades de acceso a outros estudos.

[Acceso ao programa](#)

[Máis información](#)



CAMPAÑA ESCOLLE O TEU INSTRUMENTO

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria está a levar a cabo a actividade **I Encontro de bandas sinfónicas**, unha actividade que reúne ao alumnado dos conservatorios profesionais

de música de Galicia dependentes da Consellería de Educación.

Máis información en edu.xunta.es/ea



Contido:

Borrador do decreto de educación secundaria	1
Estadías formativas en empresas ou institucións	1
Seminario de reflexión sobre alumnado xitano	1
Campaña Escolle o teu Instrumento	1
Xornadas de Informática e Educación Física	2
9 de maio. Día de Europa no colexio	2
XXI Encontro Galego-Portugués de educadores/as pola paz	2

XORNADAS DE INFORMÁTICA E EDUCACIÓN FÍSICA

Portal Galego de Contidos Educativos
<http://www.edu.xunta.es/contidos>

Organizadas polo IES Isidro Parga Pondal, que se celebrarán no pazo da cultura de Carballo os días 9 e 10 de maio do presente ano. Para inscribirse dirixirse á páxina web do IES

centros.edu.xunta.es/iesisidropargapondal/




9 DE MAIO: DÍA DE EUROPA NO COLEXIO

Plan Valora
<http://www.edu.xunta.es/valora>

Celébrase a declaración de Schuman no ano 1950, unha das bases fundacionais da Unión Europea. Esta iniciativa dirixida aos centros de ensinanza ten como obxectivo que a mocidade adquira conciencia da política de axuda exterior e cooperación ao desenvolvemento da UE. Os centros de ensinanza de toda Europa están invitados a participar organizando debates e charlas sobre estes temas. A oficina de cooperación EuropeAid, enviará material informativo aos centros participantes.

Os centros de ensinanza de toda Europa están invitados a participar organizando debates e charlas sobre estes temas. A oficina de cooperación EuropeAid, enviará material informativo aos centros participantes.



[Máis información](#)


XXI ENCONTRO GALEGO-PORTUGUÉS DE EDUCADORES E EDUCADORAS POLA PAZ

Polo Monte. Plan piloto 2007
<http://www.edu.xunta.es/polomonte>

Na fin de semana do 4 ao 6 de maio celebrárase na cidade de Chaves (norte de Portugal) o XXI Encontro Galego-portugués de Educadores/as pola Paz. O tema de debate é "a perspectiva de xénero na cultura de paz". Os encontros reservan parte do seu tempo para

facen prácticas nos obradoiros, escoitar experiencias, asistir á presentación de materiais, xogar cooperativamente, bailar danzas do mundo, etc.

[Máis información](#)



Rede de Centros Bilingües
http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_linguas